



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Alcaldía

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 565 820 · F 986 511 012
CIF: P/3606000 B
alcaldia@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa a data

COMPARECEN

DUNHA PARTE: O Concello de Vilagarcía de Arousa, con NIF P3606000B, e domicilio na Praza Ravela, 1 – 36600 Vilagarcía de Arousa, representado por D. Alberto Varela Paz, na súa condición de Alcalde Presidente do concello de Vilagarcía de Arousa, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

DOUTRA PARTE:

A Confraría de Pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán con N.I.F.: G36012854, e domicilio na rúa Rafael Pazos, teléfono contacto 661806621 con correo electrónico cofradia@cofradiavilaxoan.org representada por Dº Joaquín Santos Pérez con D.N.I. 35463201F na súa condición de presidente da Confraría de Pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo

EXPOÑEN:

I.- Que entre as competencias propias dos concellos atópanse a promoción da cultura e os equipamentos culturais, artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local.



II.- A sinatura do presente convenio nos seus propios termos contribúe á mellora da eficiencia da xestión pública, así como facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos mediante a realización de actividades de utilidade pública, nos termos do art. 48 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sécutor Público

III.- Que é unha labor importante do concello fomentar e reforzar as organizacións culturais, sociais, xuvenís e deportivas existentes na comunidade xa que son estas últimas un recurso de primeiro orde no desenvolvemento local.

IV.- Adxacente co edificio da Confraría de Pescadores de Vilaxoán, sita na praza Rafael Pazos número 16, e con paso a través das súas instalacións, atópase a Axencia de Lectura de Vilaxoán, sendo construída, no seu día, polo concello e usada como biblioteca e sala de consulta e estudio polas/os veciñas/os de Vilaxoán. A devandita Axencia de Lectura non dispón de servizos públicos polo que os usuarios de axencia fan uso dos baños da Confraría.

V.- Por outra parte o Salón de Confraría usase para a realización de actividades culturais e sociais por parte de distintas entidades de Vilaxoán:

- * **Coral Polifónica Máximo Patiño de Vilaxoán**
- * **As Revenidas**
- * **Comparsa Marajota e Media**
- * **Club de fútbol San Martín**
- * **ANPA San Martín de Sobrán**
- * **Mulleres Rurais**

VI.- O presente convenio cumpre coas esixencias establecidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.



De conformidade co que antecede, o concello de Vilagarcía de Arousa e a Confraría de Pescadores de Vilaxoán, consideran convinte colaborar conxuntamente na prestación destes servizos, formalizando esta colaboración a través do presente convenio, que se rexera polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é a colaboración entre a Confraría de Pescadores de Vilaxoán e o concello de Vilagarcía de Arousa, co fin de colaborar nos gastos de mantemento da Axencia de Lectura de Vilaxoán, que se atopa localizada en terreos da Confraría de Vilaxoán, así como nos gastos que implica o uso das propias instalacións da Confraría (Salón de Actos) por parte dos colectivos citados.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES:

O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a:

A colaborar anualmente nun 50% dos gastos correntes derivados do consumo eléctrico, auga e mantemento das instalacións citadas, polo uso que delas realizan os colectivos de Vilaxoán, sen que en ningún caso poida superarse a **contía de 6.000,00€** con cargo á aplicación orzamentaria **334-48201**.

-Para facer efectiva a colaboración económica comprometida, será preciso que pola Confraría de Pescadores de Vilaxoán, asinante deste Convenio, se presenten xustificantes de gastos por algún dos conceptos que entran dentro do ámbito de colaboración xunto cós respectivos xustificantes de pago, os cales deberán cubrir como mínimo o importe comprometido.

A Confraría de Pescadores de Vilaxoán comprométese a:

- Manter o acceso ás instalacións da Axencia de Lectura, así como o Salón de actos da Confraría e baños en perfecto estado de conservación, velando polo seu bo uso.
- Será o titular das facturas de electricidade e recibos de auga das zonas citadas que aboará con cargo o seu orzamento, debendo prestar eses servizos ós citados locais



TERCEIRA.- DURACIÓN

O presente convenio entregará en vigor efectos dende o 1 de xaneiro de 2025, e terá unha **duración de 2 anos**, que se prorrogará anualmente salvo denuncia expresa de calquera das partes cun aviso previo dun mes á data da finalización do mesmo

CUARTA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

O presente convenio de colaboración poderá ser modificado a proposta do Comité de Seguimento, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación, formalizado antes da finalización da duración do mesmo.

Serán causas de resolución anticipada do presente convenio as seguintes:

- O mutuo acordo das partes que o subscriben.
- A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinan a súa extinción.
- O incumprimento, sempre de carácter esencial, de calquera das súas cláusulas.
- A denuncia dunha das partes cun aviso dun mes.

QUINTA.- COMITÉ DE SEGUIMIENTO

Para o impulso, seguimento e control das actuación obxecto do presente convenio, así como para a súa interpretación, constituirase un Comité de Seguimento coa seguinte composición e funcións:

1. Composición. O Comité de seguimento estará composto por dous representantes de cada parte, sendo os membros os que designe cada unha das partes ó efecto.
2. O Comité de Seguimento realizará as seguinte funcións:
 - Comprobar que as actuación emanadas da aplicación deste convenio axustaranse ós obxectivos do mesmo.
 - Propoñer o axuste do contido ou a modificación do mesmo.
 - Resolver as incidencias que xurdan no desenvolvemento do convenio.



SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA COLABORACIÓN

Como se indica na parte expositiva deste convenio, a normativa vixente establece que lle corresponde ás administracións locais a promoción da cultura e os equipamentos culturais e por conseguinte deberá asumir os gastos derivados deles.

A Confraría de Pescadores de Vilaxoán, asume os gastos de mantemento, electricidade e auga das citadas instalacións, polo que se entende que o concello debe colaborar nestes gastos.

A través desta Axencia de Lectura e das instalacións da propia Confraría estase a prestar con carácter descentralizado un servizo cultural os veciños de Vilaxoán, no que este concello debe colaborar, non sendo posible a concorrência competitiva ó non existir outras instalacións, que reúnan tales condicións.

SÉTIMA.-PROTECCIÓN DE DATOS

O presidente da Confraría de Pescadores de Vilaxoán, autoriza expresamente a comprobación, consulta e obtención de datos elaborados por calquera Administración Pública segundo o disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Os datos persoais que constan no convenio de colaboración serán incorporados ao Rexistro de Actividades de tratamento do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio de potestades públicas e de uso histórico, estatístico e científico. Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, ou calquera outro dereito recoñecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018 ante o Concello de Vilagarcía de Arousa, en “sede.vilagarcia.gal” ou dpd@vilagarcia.gal

OITAVA.- NATUREZA E XURISDICIÓN

O presente convenio atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE



A existencia de calquera tipo de discrepancia entre as partes, en relación coa interpretación ou execución do establecido neste Convenio de Colaboración non resolto no seno do Comité de Seguimento, resolverase conforme ó que a tal efecto se determine polo orde xurisdiccional Contencioso-Administrativo.

Conformes, os comparecentes con contido deste convenio, asinan por triplicado para un único fin, na data arriba indicada en todos os folios, ou no seu defecto, asinan dixitalmente mediante certificados recoñecidos.

Polo Concello de Vilagarcía de Arousa

Alcade Presidente

Alberto Varela Paz

Pola Confraría de Pescadores Virxe do
Rosario de Vilaxóan

Presidente

Joaquín Santos Pérez